



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Recursos Humanos

*Proceso selección praza Auxiliar de Biblioteca e Arquivo (OEP 2018)*

##### ANUNCIO

**Corrección de erros. Nomeamento Tribunal. Fixación data do primeiro exercicio**

**Proceso de selección praza de Auxiliar de Biblioteca e Arquivo (OEP 2018)**

O día 8/11/2019 por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi apróbanse as Bases Reguladora para a selección, en propiedade, quenda libre, dunha (1) praza de Auxiliar de Biblioteca e Arquivo, incluída na Oferta de Emprego Público do 2018 (BOP núm. 223 de 22/11/2019)

Con data do 3 de novembro de 2020 publícase no BOP núm. 185 a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, así como o nomeamento do Tribunal.

Por resolución de data 12/08/2021 acórdase:

**Primeiro.-** Modificar as bases reguladoras do **proceso selectivo para a cobertura , en propiedade, dunha praza de Auxiliar de Biblioteca e Arquivo (OEP 2018)**, aprobadas o 8 de novembro de 2019, no seguinte sentido:

Onde di:

**“Sétima.- Probas selectivas.**

(...)**1º.-** Consistirá en contestar. un cuestionario tipo test de 50 preguntas que versarán sobre as materias comúns do contido do programa que figura como anexo a estas bases.

O cuestionario estará composto por preguntas con 4 respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Haberá que responder tamén a 6 preguntas de reserva.

A duración máxima desta proba será de 60 minutos. Cada pregunta correcta puntuará 0,4 puntos. Cada pregunta incorrecta descontará 0,2 puntos. As preguntas non contestadas nin suman nin restan puntuación.(...)”

Debe dicir:

**Sétima.- Probas selectivas.**

(...)**1º.-** Consistirá en contestar. un cuestionario tipo test de 50 preguntas que versarán sobre as materias comúns do contido do programa que figura como anexo a estas bases.

O cuestionario estará composto por preguntas con 4 respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Haberá que responder tamén a 6 preguntas de reserva.

A duración máxima desta proba será de 60 minutos. Cada pregunta correcta puntuará 0,2 puntos. Cada pregunta incorrecta descontará 0,05 puntos. As preguntas non contestadas nin suman nin restan puntuación. (...)”

**Segundo.-** Nomear as persoas que formarán parte do Tribunal Cualificador deste proceso de selección:

**Presidente/a:**

Titular: Carmen Porta Losada xefa de Arquivo e Bibliotecas no Concello de Ferrol

Suplente: Joaquín Martínez Cubero, Xefe de Servizo de Cultura, Educación Deportes e Turismo no Concello de Ferrol

**Secretario/a:**

Titular: Leopoldo Moure García, secretario xeral do Concello de Ferrol

Suplente: Paula Vázquez Carrasco, oficial maior do Concello de Ferrol

**Vogais:**

Titular: Estefanía Gómez García, axudante de Biblioteca e Arquivo no Concello de Ferrol

Suplente: Ana Elisa Quindos Lindin, xefa de Servizo de Contratación no Concello de Ferrol

Titular: Ana María Martínez Golpe, axudante de Biblioteca e Arquivo no Concello de Ferrol

Suplente: Efrén Pernas Fernández, xefe de Servizo de Urbanismo e Infraestruturas

Titular: Engracia Dopico González, xefa de Sección de Promoción Cultural e Turística do Concello de Ferrol

Suplente: M Milagros López Álvarez, Xefa de Sección de RRHH no Concello de Ferrol

Titular: María Beatriz Teijeiro Franco, técnica auxiliar de Bibliotecas do Concello de A Coruña

Suplente: Rosa María Ferreiro Rego, técnica auxiliar de Bibliotecas do Concello de A Coruña.

**Terceiro.-** A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día 5 de outubro do 2021 no Pazo Municipal do Concello de Ferrol ás 09.30 horas.

**Cuarto.-** O primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día 19/10/2021 no Pavillón de FIMO (A Malata) ás 12:00 horas; lugar, hora e data nas que as persoas aspirantes admitidas deberán comparecer co seu DNI, ou documento acreditativo da identidade equivalente, e a **Declaración responsable relativa COVID-19** debidamente cumprimentada e asinada.

**Quinto.-** As medidas preventivas e de seguridade, de obrigado cumprimento, son as que constan no Protocolo Covid para a celebración de probas nos procesos selectivos convocados polo Concello de Ferrol (<https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnunciosAmpliar/517>)

**Sexto.-** Ordenar a publicación desta modificación no Boletín Oficial de Provincia, no taboleiro de Edictos e na Web municipal.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 15 de agosto do 2021

A concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi

María Teresa Deus Trasobares

2021/6334